CONNORSA S.A. ACOLLE UNHA NOVA VISITA DAS UNIDADES MÓBILES DA ADOS

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) achegarase este luns 14 de setembro ata a empresa Connorsa S.A. para desenvolver unha nova campaña de doazón de sangue. A Axencia ten desenvolvido un total de 29 campañas de doazón de sangue nesta empresa pontevedresa desde o ano 1997, acadando, no transcurso destas visitas, 694 doazóns de sangue.

A unidade móbil da ADOS estará estacionada na diante da empresa das 09:30 ás 14:30 horas para facilitar a doazón a todos os traballadores e traballadoras de Connorsa S.A.